

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, as 17.30 horas do día 17 de setembro de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xullo de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 23 de xullo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, di que no día de onte se inaugurou o Congreso Internacional de Termalismo en Expourense, indicando que nas numerosas fotografías en prensa figuraban deputados da Deputación e varios concelleiros do Concello de Ourense que agora non forman parte do goberno. Pide que no sucesivo, para este tipo de eventos sexan invitados todos os membros da Corporación incluída a oposición.

A **presidenta da comisión** indica que en todo caso lle compete ao ente organizador do congreso, neste caso Expourense, remitir as invitacións, se ben manifesta que llo trasladará tamén ao departamento de protocolo.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, ante a vaga de lumes que un verán máis asolaron a nosa provincia pregunta se a Deputación ten pensado elaborar ou colaborar cos concellos en materia de prevención.

A **presidenta da comisión** manifesta que a vontade da Deputación é clara en colaborar na extinción e prevención de incendios forestais, lembrando como a Deputación pon a disposición da Xunta a súa maquinaria para tarefas de extinción e que na Deputación existe un programa de cooperación cos concellos para a limpeza e roce das marxes das estradas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, insiste na mesma pregunta e lembra que no orzamento existen subvencións nominativas a un concello concreto e a unha mancomunidade concreta para tarefas de prevención, obviándose totalmente ao resto de provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, lembra que no mes de marzo, o seu grupo presentou unha moción na que se solicitaba o establecemento de liñas de axuda para

concellos en materia de prevención de incendios forestais, que foi denegada polo Grupo Popular e DO, instando á Deputación a que actúe en materia de prevención de incendios forestais.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, volve preguntas cal é o criterio para que se inclúan subvencións nominativas nesta materia a favor do Concello de Piñor e da Mancomunidade Santa Águeda e non ao resto.

A **presidenta da comisión** contesta que entende que haberá proxectos presentados para o outorgamento desta axuda, se ben o debate desta pregunta correspóndelle ao orzamento do ano 2021.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, en relación á creación en abril do Consello Asesor de Turismo, presidido polo presidente da Deputación, e onde se acordou crear o selo Ourense Destino Seguro, pregunta se se realizaron máis reunións deste consello asesor e cales son os seus resultados.

A **presidenta da comisión** contesta que se realizaron xa varias reunións, tanto presenciais como telemáticas e que o outorgamento do selo Localsafe depende do cumprimento dunha serie de directrices e requisitos en materia de protocolos de prevención contra o COVID 19. Engade que na web de Localsafe esta dispoñible toda a información, así como as empresas que xa o obtiveron.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, solicita información sobre o estado do servizo de recollida de voluminosos naqueles concellos que o teñen delegado na Deputación.

A **presidenta da comisión** contesta que solicitará a información pertinente e que lle contestará por escrito.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta datos sobre o programa de termalismo solidario da Deputación.

A **presidenta da comisión** contesta que os datos que teñen do programa de termalismo, tanto solidario como social ao día de onte, ten preto de 1.500 solicitudes, e indica que se ben o número non pode compararse ao do anos anteriores polas razóns de todos coñecemos, si se está conseguindo xerar certo dinamismo no sector.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

